

Dende o inicio da situación sanitaria derivada do COVID-19 esta Federación estableceu tódalas accións e medidas preventivas de saúde e seguridade basadas nas indicacións e normativas oficiais implementadas coas normas específicas adaptadas ao noso deporte.

Estas medidas son complementarias aos protocolos das institucións e instalacións deportivas así como das autoridades locais nas que se desenrolan as distintas actividades.

Somos conscientes de que as familias están desexando participar activamente nos campionatos acompañando aos seus fillos nas competicións, por ese motivo dende o primeiro momento esta federación puxo os medios materiais e económicos retransmitindo todas as competicións por streaming e en aberto sin plataformas de pago, para que ningún familiar quede sin ter acceso a acompañar, aínda que sexa dende a distancia aos seus ximnastas.

Tamén temos coñecemento de que diversas modalidades deportivas, Federacións, clubs están comezando a permitir o acceso a público nas instalacións. Cada competición e cada modalidade ten características distintas. No caso da Ximnasia temos distintas peculiaridades que complican o regreso “acelerado” a unha nova normalidade. Non é un partido de fútbol ou baloncesto no que estemos 45 minutos ou un par de horas nun recinto pechado ou no mellor dos casos en campo aberto. Estamos falando dunha disciplina deportiva con ximnastas dende os cinco anos ata adultos e con participacións nalgúns casos que superan os cincocentos ximnastas que aínda que participen en distintas quedas son considerados eventos con alto porcentaxe de risco dada a masificación que levan consigo.

Dende un primeiro momento estamos en contacto continuo con clubs, ximnastas e familias que cando teñen dudas sempre encontraron un teléfono no que plantexar problemas e buscar, na medida das nosas posibilidades, unha solución. Por ese motivo queremos deixar constancia que nestes momentos, e pese a que o estado de alarma está próximo a finalizar non vemos necesidade de “acelerar” o bo ritmo de actividade e sobre todo de 0% de contaxios nas actividades desenroladas ata o momento nesta federación. A nosa principal inquedanza é que os ximnastas poidan competir nas mellores condicións de seguridade para a súa saúde e seguridade técnica (aparells debidamente desinfectados, vestiarios e aseos debidamente desinfectados, gradas limpas...)

Neste momento as gradas non están libres, están sendo ocupadas polos vosos fillos, cumprindo coa separación por clubs e incluso por grupos de competición para garantir a súa seguridade sanitaria, están competindo en quendas para evitar masificacións e estar en espazos pechados máis tempo do necesario.

Sabemos a incomodidade de desplazar aos vosos fillos a competir e non poder entrar ao recinto de competición, podemos asegurarvos que para nós tamén é complicado non sentir o calor das familias animando, nin os aplausos e estar rodeados moitas veces dun silencio que pesa pero finalizando as xornadas co sorriso dos vosos fillos tras competir e dando as grazas por que disfrutaron por fin de volver a sentir o ritmo da competición federada.

Desexamos que a campaña de vacinación siga o seu curso e esperamos no segundo semestre poder iniciar as competicións con público pero neste momento as gradas serán para os nosos ximnastas porque eles merecen e necesitan competir nas mellores condición hixiénico-sanitarias e ese foi o noso compromiso dende marzo de 2020.

Esperamos que este texto sexa entendido dende a nosa posición que non é doada. A Ximnasia é unha disciplina de sacrificio, de traballo conxunto e individual, de superación e é moi estricta. Necesitamos neste momento seguir nesta liña para garantir a continuidade da competición.

Grazas,



Vº. Bº.

**PRESIDENTE**

**Asdo.: Cristina Sánchez Martínez**

**SECRETARIA XERAL**